

ANUNCIO

O alcalde o día 09/07/2024 ditou a seguinte Resolución con número 469/2024:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR GREGORIO KEILIN KEILIN EN DATA 28.12.2023 (NÚM. 202300000005185) CONTRA A RESOLUCIÓN DA ALCADÍA Nº 661//2023 DE DATA 23.11.23 E ASUNTO “LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA A COBERTURA DAS PRAZAS INCLUIDAS NA OPE PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, PROFESORES E AXUDANTE DE PROFESORA DO CONSERVATORIO DE MÚSICA”

EXPEDIENTE: 2024/G003/000385

ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases xerais e específicas da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en execución da oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal publicadas, publicadas na sede electrónica do Concello de Melide en data 23/12/2022, no BOP de A Coruña o 29/12/2022.

Logo de ver a instancia para participar no proceso de selección presentada polo recorrente en data 17.01.2023 (núm. 2023999000).

Logo de ver o anuncio no BOE núm. 43 do 20.02.2023 polo que se abre o prazo de presentación de instancias.

Logo de ver a instancia para participar no proceso de selección presentada polo recorrente en 01.03.2023 (núm. 202399900000233).

Logo de ver o certificado do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide do 24/03/2023.

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 583/2023 do 23 de outubro, asunto “*listaxe provisional admitidos/as excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OEP para estabilización de emprego temporal, profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música*” (expediente: 2023/G003/000637), publicado na sede electrónica do Concello de Melide en data 27.10.2024 e no BOP núm. 206 do 27.10.2023.

Logo de ver a instancia presentada por Gregorio Keilin Keilin en data 27.10.2023, núm. de rexistro 202399900001308.

Logo de ver a instancia presentada por Gregorio Keilin Keilin en data 08.11.2023, núm. de rexistro 202399900001346

Logo de ver o certificado do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide do 16/11/2023.

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 661/2023 do 23 de novembro, asunto “*listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OEP para a estabilización do emprego temporal, profesores/as e axudante de profesora do conservatorio de música*”, expediente: 2023/G003/000725 (BOP núm. 228 do 29.11.2023).

Logo de ver a “*acta de valoración de méritos do Tribunal de 1 praza de profesor de violonchelo da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022*” do 20.12.2023 publicada na sede electrónica do Concello de Melide en data 26.12.2023.

Logo de ver a “*acta corrección de erros da acta de valoración de méritos do tribunal de 1 praza de profesor de violonchelo da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2023*” do 28.12.2023 publicada na sede electrónica do Concello de Melide en data 29.12.2023.

Logo de ver o recurso de reposición interposto por Gregorio Keilin Keilin en data 28.12.2023 (núm. 202300000005185) contra a Resolución da Alcaldía nº 661//2023 do 23 de novembro de 2023 e asunto “*listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OPE para a estabilización do emprego temporal, profesores e axudante de profesora do conservatorio de música*” (expediente 2023/G003/000725).

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 01/03/2024 e asunto: “*Recurso de reposición interposto por Gregorio Keilin Keilin en data 28.12.2023 (núm. 202300000005185) contra a resolución da Alcaldía nº 661//2023 de data 23.11.23 e asunto “listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OPEP para a estabilización do emprego temporal, profesores e axudante de profesora do conservatorio de música”, no que se conclúe que: “Procede dar traslado do recurso aos interesados/as no expediente a fin de que nun prazo de 10 días aleguen canto estimen procedente, de conformidade co establecido no art. 118.2 LPACAP.*”

Unha vez cumprimentado o trámite de audiencia aos/ás interesados/as, previos os informes que resulten preceptivos, haberá de ditarse resolución nos termos sinalados no art. 119 LPACAP, a cuxo efecto déixase informado en sentido favorable á estimación do recurso.

A suspensión da execución continuará en tanto non se dite resolución expresa do recurso, na que debe conterse pronunciamiento expreso ao respecto.”

Logo de ver o informe de Secretaría de data 09/04/2024: expediente 2022/E001/000012. Cobertura de prazas incluídas na OEP para a estabilización do emprego temporal aprobada pola Xunta de Goberno Local do 26.05.2022 (BOP n.º 102 do 31.05.2022). Recurso de reposición interposto por Gregorio Keilin Keilin o 28.12.2023 (RE n.º 202300000005185) contra o Decreto da Alcaldía n.º 661/2023 do 23.11.2023 polo que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a cobertura das prazas incluídas na OEP para a estabilización do emprego temporal, profesores e axudante de profesora no Conservatorio de música, no que no que se conclúe o seguinte:

“Á vista do expediente o recorrente actuou conforme se establecían nas bases da convocatoria e é un principio xeral do Dereito Administrativo que un ciudadano non pode ser perxudicado por un erro da Administración.

Así o declara a Sentencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 27 de febreiro de 2018 (rec 170/2016) na que explica que (...) as consecuencias adversas dese proceder indebido debe afrontalas a Administración con arranxo ao principio xurídico xeneral que impide aos suxeitos de dereito beneficiarse das súas propias torpezas ou incumprimentos, condensado no aforismo latino allegans turpitudinem propriam non auditur. Dito doutro xeito, non cabe presumir, en contra do administrado, que a súa solicitude estaba destinada ao arquivo e que este, á súa vez, obriga a supoñer que aquela non se presentou nunca (...)

Conclusión. Ten que estimarse o recurso de reposición.

TERCEIRO. Procedemento a seguir. Acéptase e dase por repetida a fundamentación lóxica e as súas conclusións contidas do apartado IV (Consideracións Xurídicas), 2 (procedemento a seguir) do informe con CVD 2nwenRE/XObWGMnQMIOm da técnica de Administración Xeral do Concello de Melide de data 01.03.2024 e que forma parte do expediente.

CONCLUSIÓN E PRONUNCIAMENTO Procede dar traslado do recurso aos interesados/as no expediente a fin de que nun prazo de 10 días aleguen canto estimen procedente, de conformidade co establecido no art. 118.2 LPACAP.

Unha vez cumprimentado o trámite de audiencia aos/ás interesados/as, previos os informes que resulten preceptivos, haberá de ditarse resolución nos termos sinalados no art. 119 LPACAP, a cuxo efecto déixase informado en sentido favorable á estimación do recurso.

A suspensión da execución continuará en tanto non se dite resolución expresa do recurso, na que debe conterse pronunciamiento expreso ao respecto”.

Logo de ver a Resolución nº 265/2024 de data 15/04/2024 de asunto: “Traslado do recurso de reposición interposto por Gregorio Keilin Keilin en data 28.12.2023 (núm. 202300000005185) contra a Resolución da Alcaldía nº 661//2023 de data 23.11.23 e asunto “listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OPE para a estabilización do emprego temporal, profesores e axudante de profesora do conservatorio de música”, no que se acorda:

*“PRIMEIRO: estimar o recurso de reposición presentado por Gregorio Keilin Keilin con DNI nº ***0285**.*

SEGUNDO: proceder a dar traslado do recurso aos interesados/as no expediente a fin de que nun prazo de 10 días aleguen canto estimen procedente, de conformidade co establecido no art. 118.2 LPACAP.(...)”

Logo de ver que con data 22/04/2025 e rexistro nº 202499900000556 Gregorio Keilin Keilin presenta unha serie de documentación, entre ela a autoliquidación da taxa de estabilización para profesor de violonchelo e o xustificante de pagamento da dita taxa.

Logo de ver o certificado do rexistro xeral de entradas e saída de data 30/05/2024 no que se di o seguinte:

“En relación á resolución que leva por asunto: Traslado do recurso de interposición interposto por Gregorio Keilin Keilin en data 28.12.2023 (núm. 202300000005185) contra a resolución da Alcaldía n.º 661/2023 de data 23.11.23 e asunto “Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OPE para a estabilización do emprego temporal, profesores e axudante de profesora do conservatorio de música” na que se da un trámite de audiencia aos interesados no procedemento (aspirantes no proceso selectivo), dándolles traslado do recurso aos/as interesados/as no

expediente a fin de que nun prazo de 10 días aleguen canto estimen procedente, de conformidade co establecido no art. 118.2 LPACAP.

-. Clara Martínez Virseda (Rexistro de saída 1268 de data 16/04/2024 – Aceptada polo usuario o 14/05/2024).

-. Alba Reirís Rodríguez (Rexistro de saída 1271 de data 16/04/2024 - Aceptada polo usuario o 16/04/2024).

-. Silvia Ramos Somoza (Rexistro de saída 1269 de data 16/04/2024 - Aceptada polo usuario o 16/04/2024).

-. Gregorio Keilin Keilin (Rexistro de saída 1267 de data 16/04/2024 - Aceptada polo usuario o 16/04/2024).

-. Fernando Santiago García (Rexistro de saída 1270 de data 16/04/2024 - Aceptada polo usuario o 16/04/2024).

Logo de consultar os Rexistros municipais, CERTIFICO que salvo erro ou omisión involuntaria, foi recibida documentación nos Rexistros deste Concello ou a través do procedemento previsto no art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, segundo se indica a continuación.

Número de rexistro	Data de rexistro	Interesados	Resume
202499900000556	22-04-2024 15:31:05	GREGORIO KEILIN KEILIN	SOLICITUDE XERAL A NOMBRE DE GREGORIO KEILIN KEILIN. SOLICITA: ADMITIR A CORRECTA TAXA DE ESTABILIZACIÓN PAGADA

”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Estimar o recurso de reposición interposto por Gregorio Keilin Keilin en data 28/12/2023 (núm. 202300000005185) contra a Resolución da Alcaldía nº 661/2023 do 23 de novembro de 2023 e asunto “*listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OPE para a estabilización do emprego temporal, profesores e axudante de profesora do conservatorio de musica*” (expediente 2023/G003/000725).

SEGUNDO: Sendo que Gregorio Keilin Keilin xa presentou o 22/04/2025 con rexistro nº 202499900000556 a autoliquidación da taxa de estabilización para profesor de violonchelo e o xustificante de pagamento, incluír a dito aspirante na listaxe definitiva de admitidos na praza de profesor de violonchelo e **convocar ao Tribunal para a realización da valoración dos méritos presentados no seu día polo interesado para o xoves día 18 de xullo ás 11:30 horas** e formule nova puntuación dos/as candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida e proposta para a provisión de praza e constitución da bolsa de emprego.

TERCEIRO: Transcurridos os prazos establecidos, levantar a suspensión da execución operada.

CUARTO: Notificar a presente resolución ao interesado coa advertencia dos recursos que contra o mesmo podan interpoñerse.

QUINTO: Publicar a presente resolución na sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, martes 9 de xullo de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 10 de xullo de 2024. Asdo: O secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.